

## CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

### Criterios e Instrumentos de Avaliación

Entendemos por avaliación a valoración do grao de dominio das competencias básicas do ámbito lingüístico e literario, asemade das competencias clave indicadas na concreción para cada estándar de aprendizaxe. A observación directa da actitude, o comportamento na aula, o esforzo, a asistencia e a puntualidade, a relación cos outros alumnos e alumnas e o interese amosado pola materia, entre outros, serán instrumentos utilizados para a avaliación de competencias clave como a CAA, a CSC, a CCEC e a CSIEE.

En 1º de Bacharelato o principal instrumento de avaliación será a **proba escrita** que se realizará cada final de trimestre (para avaliar especialmente o grao de desenvolvemento da competencia lingüística (comprensión e expresión escrita) e de competencia literaria, así como da competencia cultural).

Ademais, será tamén instrumentos de avaliación o **Traballo de Investigación** que se realizará cada trimestre e que se exporá na aula acompañado da proxección dunha presentación informática (para avaliar a competencia lingüística, especialmente na súa versión oral, pero tamén as restantes competencias: CD, CAA, CSIEE, CSC e CCEC).

Finalmente, será tamén instrumento de avaliación o **Informe Escrito** realizado sobre algún dos textos que forman parte de calquera das *Antoloxías* que figuran como Lecturas Obrigatorias para cada trimestre, así como o **Coloquio** realizado arredor da lectura obrigatoria que cada alumno/a debe realizar de xeito autónomo cada trimestre (para avaliar tamén a competencia lingüística en todos os seus aspectos, pero tamén a competencia artística e cultural e a cívica e social).

Unha vez acadado o 4 na proba escrita, engadiranse á nota de cada trimestre o resultado da avaliación das **Tarefas Voluntarias**, da participación do alumno/a nalgún dos proxectos do ENDLG ou do Labor realizado na aula de xeito cotiá, até contabilizar un máximo de 3 puntos.

Os/as alumnos/as serán informados/as do seu rendemento académico en cada unha das destrezas (comprensión escrita, expresión escrita, comprensión oral e expresión escrita) e da cualificación obtida ao final de cada período de avaliación. O alumnado que presente dificultades no proceso de aprendizaxe será orientado para a realización de determinadas tarefas que supoñan un reforzo e sirvan como recuperación das carencias presentadas.

**A cualificación na avaliación ordinaria de xuño será a da avaliación final ou, no seu caso, a media ponderada das tres avaliacións parciais, sempre que a nota final sexa igual ou superior á nota da terceira avaliación.** Tendo en conta que se trata dun proceso de avaliación continua, un suspenso no primeiro trimestre queda automaticamente recuperado cun aprobado no segundo trimestre, pois cada avaliación debe supor a recuperación e/ou a mellora con respecto a anterior.

**No caso de que un alumno ou alumna suspenda a materia na convocatoria de xuño, deberá presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro**, que consistirá nunha única proba escrita, semellante á de xuño, que versará sobre a totalidade dos contidos enunciados na programación e requirirá a obtención da cualificación mínima de cinco (5) para aprobar a materia.

## Criterios de Cualificación

Para superar cada unha das avaliación con cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de catro (4) sobre dez (10) na proba escrita de final de trimestre, e un catro con cinco (4,5) na suma ponderada dos distintos instrumentos de avaliación. A ponderación destes instrumentos, como xa se indicou anteriormente, é a que segue:

- Proba Escrita de final de trimestre (exames): 60% (os coñecementos teóricos non superarán o 25% e as destrezas prácticas non serán inferiores ao 75%).
- Coloquio arredor dunha lectura para avaliar a comprensión (oral e escrita) e a expresión oral: 10%.
- Informe escrito arredor da lectura dunha antoloxía de textos, para avaliar a comprensión e a expresión escrita: 10%.
- Elaboración dunha presentación informática, como produto para presentar un traballo de investigación arredor da Historia da Lingua e da Sociolingüística: 10%
- Exposición oral na aula da presentación informática elaborada: 10%

Unha vez acadado o 4 na proba escrita o alumno/a poderá ver incrementada a súa puntuación final até en 3 puntos, a través da realización de Tarefas Voluntarias (produtos artísticos relacionados coa literatura, a arte e a cultura galega en xeral), a través da súa participación en proxectos do ENDLG ou a través do seu labor cotián na aula.

Ademais dos contidos, en todas as probas e traballos, valorarase a expresión consonte estes parámetros: adecuación (presentación correcta, rexistro apropiado e propósito claro), coherencia (información precisa, estrutura clara e parágrafos ben organizados), cohesión (uso axeitado da puntuación e enlaces, emprego adecuados de pronomes anafóricos), corrección gramatical (ortografía sintáctica e léxica) e variación (sintaxe, riqueza e precisión do léxico e recursos estilísticos). Poderase descontar un máximo de 2 puntos sobre a cualificación global de cada proba ou por erros correspondentes aos principios fundamentais de adecuación, coherencia, cohesión, variación e corrección gramatical.

Nos controis escritos especificarase o valor numérico que se lle outorga a cada pregunta e no proceso de corrección, marcarase no exame a puntuación que o profesorado estime adecuada. O exame será amosado ao alumnado convenientemente corrixido e anotado, con eses valores numéricos visibles e intelixibles. Tamén se lle darán as pertinentes aclaracións a calquera dúbida que poidan ter sobre a corrección das súas probas. Cada proba escrita contará cuns **Criterios de Corrección** que o alumnado coñecerá previamente e que servirán para corrixir e avaliar a devandita proba.

A superación dos controis e traballos deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, auriculares, *chuletas* (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo un 0 na cualificación do mesmo, sen dereito a repetición, o que suporá

a nota suspensa nesa avaliación. O profesorado tamén poderá rexeitar un exame ou traballo se a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible.

Se un alumno non se presenta a un exame ou parcial, só terá dereito á repetición aportando un xustificante oficial por escrito que xustifique a devandita ausencia.

## Criterios de Promoción

O Decreto 86/2015, no Título II, capítulo III, artigo 35, dedicado á *Promoción*, establece que o alumnado promocionará de 1º a 2º curso do Bacharelato cando supere as materias cursadas ou teñan **avaliación negativa en dúas materias como máximo**. Neste caso, deberá matricularse en 2º curso das materias pendentes do 1º curso. *Para os efectos deste apartado, só se computarán as materias que como mínimo o alumno ou a alumna deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que os alumnos e as alumnas poidan cursar máis materias do devandito bloque.*

Nos casos nos que se estableza que o equipo docente debe pronunciarse sobre a promoción do alumno/a, o profesorado do departamento terá en conta o grao de consecución dos obxectivos do curso e as notas que aporta no informe de avaliación final sobre o grao de consecución das competencias en comunicación lingüística, conciencia e expresións culturais, competencia dixital e aprender a aprender, para decidir se a persoa en cuestión está en condicións de seguir con éxito o curso seguinte, se ten expectativas favorables de recuperación e se dita promoción beneficiará a súa evolución académica ou a súa incorporación ao mundo laboral. En caso afirmativo votará a favor da promoción.

# PROGRAMAS DE AULA E MÍNIMOS PARA SUPERAR A MATERIA

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1º BACHARELATO (1ª AVALIACIÓN)

(Contidos, competencias clave, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación)

### I. TRABALLO E ACTITUDE (DENTRO E FÓRA DA AULA)

(Suporá a suma de até 3 ptos sobre a nota obtida na Avaliación)

#### 1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e artigos
- Actitude soliolingüística.
- Desenvolvemento das Competencias Básicas.

#### 2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

- O signo lco. A lingua. As disciplinas lcas.
- Unidade e Variedade das línguas. Os rexistros. Os desvios normativos.
- Tipos de textos. Textos expositivos e argumentativos. Textos xornalísticos.

#### 3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

- Un mundo de linguas. O Plurilingüismo.
- As orixes do galego.

#### 4. BLOQUE 4: LITERATURA

- Introducción á Literatura Galega.
- Cronoloxía da Literatura Galega. A Literatura Medieval

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego*)

### II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (Instrumento para avaliar as competencias clave cada trimestre) (Suporá o 20% da nota global do trimestre)

TÍTULO: *As orixes do galego. Substrato, estrato e superestrato no espazo de Rianxo.*

1. Elaboración dun tema (máximo 60 liñas) partindo da información obtida do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

**Data Entrega: 1 de Novembro.**

**Data Exposición: primeira-segunda semana de Novembro.**

### III. LECTURAS (Instrumento para avaliar especialmente a competencia en comunicación) (Suporán o 20% da nota global do trimestre)

**Lectura na aula: Selección de textos ensaísticos e xornalísticos.**

**Lectura fóra da aula: O último día de terranova.** Manuel Rivas. Ed. Xerais. (**Finalizada: 15 de Outubro**)

**Outras Lecturas:** Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesora. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito. **Darase por rematada unha semana antes do exame.** Suporá un **incremento de até 1 pto. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

### IV. EXAME (A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre)

**DATA: Realización: luns 5 de Decembro. (1ª Aval. 14-15 Decembro)**

# GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR a 1ª AVALIACIÓN

## Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar

1. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa e a idea principal e as secundarias de todo tipo de textos orais en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas respectando a coherencia e a corrección gramatical.
2. Produce (con escasos erros) distintos tipos de textos orais e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, adecuadas ao contexto, respectando as regras de interacción, cinxíndose ao tema e empregando expresións propias do galego, dun xeito cada vez máis rico e variado no uso do léxico e con coherencia e corrección gramatical (colocando ben os pronomes átonos).
3. escoita activamente (case sempre) e identifica (xeralmente) os recursos verbais e non verbais, así como as propiedades textuais de textos orais propios da actividade cotiá e académica, así como dos medios de comunicación e información e é quen de producir textos orais claros, adecuados á situación comunicativa e respectando (en xeral) a coherencia e a corrección gramatical.
4. Identifica (con escasos erros) os xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social e é quen de realizar intervencións planificadas e/ou espontáneas, para responder a cuestións relativas a esta tipoloxía textual.
5. Coñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as as normas de cortesía (escoita activa, interese e respecto), así como os aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e xeralmente é quen de poñelos en práctica nas súas intervencións planificadas e/ou espontáneas.
6. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas e é quen de obter información e servirse das TIC para as súas presentacións
7. Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras *comodín*, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.
8. Intervén (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) en coloquios e debates (Bloque 4, Lingua e Sociedade e Bloque 5, Educación Literaria) e é quen de argumentar, respectando as quenendas e a opinión dos demais e empregando unha linguaxe non discriminatoria.
9. Recoñece (con escasas dúbidas) e aprecia estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os erros na expresión, así como as interferencias lingüísticas e desviacións da norma e é quen de autocorrixirse.
10. Coñece (con escasas dúbidas) estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as os prexuízos nos usos das variedades do galego e é quen de rexeitalos e usar a variante dialectal da súa contorna nas súas intervencións espontáneas.

## Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir

11. Comprende (con escasos erros) e interpreta (seguindo unha pautas dadas) a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias e os temas e subtemas de todo tipo de textos escritos en calquera rexistro, nivel ou variedade de lingua e é quen de elaborar resumos e esquemas respectando a coherencia e a corrección gramatical.
12. Consulta (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) fontes de información diversas para mellorar a súa comprensión e obter información de cara ás súas propias producións.
13. Produce (con escasos erros) textos escritos nos distintos rexistros e é quen de facelo de xeito claro e

ordenado (case sempre), adecuados ao contexto, con adecuación, cohesión, coherencia e corrección gramatical.

14. Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos expositivos e argumentativos e é quen de identificar neles a idea principal e as secundarias, distinguir a súa estrutura e elaborar (cada vez con maior autonomía) textos semellantes.
15. Desenvolve (cada vez con maior grao de autonomía e guiado pola persoa docente) un tema do currículo (Bloque 4, Lingua e Sociedade) e é quen de expoñelo empregando un léxico preciso e evitando (habitualmente) o uso de coloquialismos e de palabras *comodín*, servíndose das TIC para apoiar a súa alocución.
16. Comprende, interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos xornalísticos e publicitarios e é quen de elaborar comentarios críticos arredor dos mesmos (seguindo as pautas dadas), diferenciando a información da opinión e da persuasión e rexeitando ideas e usos discriminatorios.
17. Organiza o seu traballo (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) arredor da súa produción escrita e é quen de planificalo e revisalo, respectando as indicacións dadas para a súa realización, ademais das propiedades textuais e a corrección gramatical.

### **Bloque 3. Funcionamento da Lingua**

18. Coñece (con escasas dúbidas) os conceptos lingüísticos básicos e é quen de utilizalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre), adecuándoos ao contexto, respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.
19. Participa (con progresiva autonomía, estimulado pola persoa docente ou polos compañeiros/as) en traballos de investigación e/ou proxectos (Traballo de Historia da Lingua e producións artístico-literarias) e é quen de desenvolver a súa competencia plurilingüe e integrar outras manifestacións artísticas nas súas producións textuais (case sempre).

### **Bloque 4. Lingua e sociedade**

20. Coñece (con escasas dúbidas) as funcións sociais da lingua e é quen de analizar de xeito crítico a situación dogalego a respecto das mesmas (con progresiva autonomía).
21. Coñece e valora (con escasas dúbidas) a diversidade lingüística e é quen de analizar a situación da Península Ibérica, de Europa e do mundo.
22. Coñece e analiza (con escasas dúbidas) os conceptos de multilingüismo, plurilingüismo, lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua hexemónica, conflito lingüístico, diglosia, substitución lingüística e normalización lingüística e é quen de aplicalos e/ou recoñecelos criticamente nunha situación real (con progresiva autonomía).
23. Coñece e describe (con escasas dúbidas) as orixes da lingua galega (substrato, estrato e superestrato), e é quen de recoñecer cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais, diferenciando tamén as familias léxicas regulares das irregulares (con progresiva autonomía).
24. Elabora (con progresiva autonomía e seguindo as pautas dadas) traballos de investigación trimestrais nos cales é quen de investigar arredor da situación social do galego antes de 1916 e analizar criticamente os condicionantes históricos que o levaron a situación de lingua minorizada en que sobrevive hoxe (con progresiva autonomía).

### **Bloque 5. Educación literaria**

25. Coñece (case sen dúbidas) os xéneros literarios e @s autor@s máis representativos das distintas etapas da Literatura Galega e é quen de elaborar comentarios arredor dos textos propostos de distintas etapas da Historia da Literatura (con progresiva autonomía).
26. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega de tradición oral e é quen de comentar textos da tradición oral (con progresiva autonomía).

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1º BACHARELATO (2ª AVALIACIÓN)

(Contidos, competencias clave, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación)

### I. TRABALLO E ACTITUDE (DENTRO E FÓRA DA AULA)

(Suporá a suma de até 3 puntos sobre a nota obtida na Avaliación)

#### 1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e comentarios críticos.
- Actitude sociolingüística.
- Desenvolvemento das Competencias Básicas.

#### 2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

- O signo lingüístico. A lingua. As disciplinas lingüísticas. A Morfoloxía.
- Unidade e Variedade das linguas. Os rexistros. Os desvíos normativos.
- Tipos de textos. Textos dramáticos. Textos poéticos.

#### 3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

- Un mundo de linguas. O Plurilingüismo.
- A situación da Lingua na Idade Media.
- Os Séculos Escuros.
- Dúas linguas nunha sociedade.

#### 4. BLOQUE 4: LITERATURA

- Cronoloxía da Literatura Galega. A Literatura Medieval
- A Literatura dos Séculos Escuros e a Lustración.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego*)

### II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (Instrumento para avaliar as competencias clave cada trimestre) (Suporá o 20% da nota global do trimestre)

TÍTULO: *Do esplendor medieval á decadencia dos Séculos Escuros.*

1. Elaboración dun tema (máximo 60 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
2. Investigación arredor do que sucede en Rianxo nese período.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

**DATAS: Entrega: 1 de Febreiro. / Exposición: primeira-segunda semana de Febreiro.**

### III. LECTURAS (Instrumento para avaliar especialmente a competencia en comunicación) (Suporán o 20% da nota global do trimestre)

**Lectura na aula: *Antoloxía de cantigas medievais.* (Finalizada: 29 de Febreiro)**

**Lectura fóra da aula: *A fiestra valdeira.* Rafael Dieste. Ed. Do Castro. (Finalizada: 30 de Xaneiro)**

**Outras Lecturas:** Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito.

**Darase por rematada unha semana antes do exame.** Suporá un **incremento de até 1 pto. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

### IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre, até 6 puntos sobre 10)

**DATA: Realización: luns 27 de Marzo, pola tarde. (2ª Aval. 5-6 Abril)**



# GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR a 2ª AVALIACIÓN

(ADEMAIS DOS XA INDICADOS PARA o 1º TRIMESTRE)

1. Comprende interpreta e sintetiza (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos descritivos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).
2. Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos narrativos e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).
3. Comprende, interpreta e comenta (case sen dúbidas e con progresiva autonomía) os textos dialogados e é quen de producir outros semellantes (seguindo as pautas dadas).

## Bloque 3. Funcionamento da Lingua

4. Identifica e explica (con escasas dúbidas) os usos e valores básicos de todas as clases de palabras, dos conectores, de perífrases e de locucións adverbiais, e é quen reflexionar sobre o seu funcionamento a través dos exercicios propostos; así como utilízalos nas súas producións textuais por oral e por escrito (case sempre) respectando as propiedades textuais e a corrección gramatical.

## Bloque 4. Lingua e sociedade

5. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego antigo, e é quen de valorar o esplendor da lingua na Idade Media a través dos seus documentos literarios e non literarios (con progresiva autonomía).
6. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego medio, e é quen de analizar criticamente as causas e as consecuencias (minorización, castelanización e xurdimento dos prexuízos lingüísticos) da súa decadencia nos séculos XVI, XVII e XVIII a través do coñecemento de feitos históricos relevantes e servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).

## Bloque 5. Educación literaria

7. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega medieval é quen de comentar cantigas pertencentes aos tres grandes xéneros (seguindo as pautas dadas e con progresiva autonomía).
8. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega dos Séculos Escuros é quen de comentar esas mostras literarias (con progresiva autonomía).



## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1º BACHARELATO (3ª AVALIACIÓN)

(Contidos, competencias clave, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación)

### I. TRABALLO E ACTITUDE (DENTRO E FÓRA DA AULA)

(Suporá a suma de até 3 puntos sobre a nota obtida na Avaliación)

#### 1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e comentarios críticos.
- Actitude sociolingüística.
- Desenvolvemento das Competencias Básicas.

#### 2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

- A Morfoloxía. Tipos de palabras.
- Os rexistros. Os desvíos normativos.
- Tipos de textos. Textos dramáticos. Textos narrativos.

#### 3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e A HISTORIA da LINGUA

- A situación da Lingua no Séc. XIX. O nacemento do Galeguismo.
- A diglosia.

#### 4. BLOQUE 4: LITERATURA

- A Literatura do séc. XIX. Precusores e Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal.

(Libro de Apoio: *Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego*)

### II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (Instrumento para avaliar as competencias clave cada trimestre) (Suporá o 20% da nota global do trimestre)

**TÍTULO: *A situación da lingua galega no séc. XIX en Rianxo. O nacemento do Galeguismo. O Provincialismo, o Rexionalismo e a defensa da lingua e da identidade galega. / Historia da Literatura.***

1. Elaboración dun tema (máximo 60 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio e/ou páxinas web indicadas pola docente.
2. Investigación arredor do que sucede en Rianxo nese período.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

**DATAS: Entrega: 1 de Maio. / Exposición: primeira-segunda semana de Maio.**

### III. LECTURAS (Instrumento para avaliar especialmente a competencia en comunicación) (Suporán o 20% da nota global do trimestre)

**Lectura na aula: *Antoloxía literaria (Rexurdimento)*. (Finalizada: 30 de Maio)**

**Lectura fóra da aula: *Masculino singular*. Carlos Negro. Ed. Xerais. (Finalizada: 30 de Abril)**

**Outras Lecturas:** Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito.

**Darase por rematada unha semana antes do exame. Suporá un incremento de até 1 pto. por lectura na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)**

### IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 60% da nota global do trimestre, até 6 puntos sobre 10)

**DATA: Realización: luns 19 de Xuño, pola tarde. (3ª Aval. 26-27 Xuño)**

# **GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR a 2ª AVALIACIÓN**

## **(ADEMAIS DOS XA INDICADOS PARA o 1º e 2º TRIMESTRES)**

### **Bloque 4. Lingua e sociedade**

1. Coñece (con escasas dúbidas) a lusofonía e é quen de analizar a situación do galego no mundo lusófono (con progresiva autonomía).
2. Coñece e describe (con escasas dúbidas) o galego moderno, e é quen de analizar criticamente o contexto decimonónico (xurdimento do Galeguismo e Rexurdimento literario) e a situación social da lingua servíndose de documentos literarios e non literarios da época (con progresiva autonomía).

### **Bloque 5. Educación literaria**

3. Coñece (case sen dúbidas) a literatura galega do Rexurdimento é quen de comentar textos pertencentes aos tres grandes autores (seguindo as pautas dadas e con progresiva autonomía).

## **Grao mínimo de consecución para superar a materia. (Simplificación dos mínimos para facelos comprensibles para o alumnado)**

1. Lectura comprensiva, análise e comentario de textos.
2. Elaboración de textos argumentativos e artigos de opinión.
3. Participación nos debates que se celebren no seo da aula.
4. Produción de textos escritos respectuosos coas regras de corrección lingüística.
5. Realización de exposicións orais cun vocabulario adecuado ao nivel acaémico do alumno/a.
6. Respecto polas normas básicas que rexen a interacción comunicativa.
7. Valoración da nosa lingua como elemento de identidade colectiva e consideración positiva do esforzo e o compromiso individual a prol da normalización lingüística.
8. Presentación e corrección ortográfica como propiedades textuais que deben aplicar ás producións propias.
9. Comprensión dos principais conceptos de lingüística xeral que teñen que ver coa comunicación e a linguaxe.
10. Identificación e produción dos tipos de textos: descritivo, expositivo, narrativo, argumentativo, instrutivo, dialogado...
11. Reflexión sobre os conceptos de nivel e rexistro lingüístico e as súas manifestacións sociolingüísticas
12. Coñecemento da Morfoloxía: substantivo, adxectivo, artigo, pronomes persoais, demostrativos, posesivos, cuantificadores e identificadores, verbo (formas e usos; perífrases), conectores (preposicións, conxuncións e locucións prepositivas e conxuntivas) adverbio (e locucións adverbiais). Ademais comprensión e realización de distintos exercicios prácticos relacionados con esta disciplina.
13. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica. Multilingüismo e plurilingüismo.
14. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da formación da lingua galega: substrato, estrato e superestrato. Cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais. Familias léxicas irregulares.
15. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da lingua galega na Idade Media e nos Séculos Escuros. Contexto histórico e situación sociolingüística.
16. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da lingua galega no Rexurdimento. Contexto histórico e situación sociolingüística.
17. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da Literatura Galega, como unha literatura non normalizada. Cronoloxía .
18. Coñecemento, comprensión e comentarios literarios arredor da literatura medieval: a lírica profana e a lírica relixiosa. A prosa medieval.
19. Coñecemento, comprensión e valoración crítica da literatura nos Séculos Escuros e na Ilustración: literatura popular e culta.
20. Coñecemento, comprensión, valoración crítica e comentarios literarios arredor da literatura no século XIX: Prerrexurdimento, Rexurdimento. Rosalía, Curros e Pondal. Outros autores coetáneos.

# MODELO DE EXAME

## BLOQUE 2. CONTIDOS COMÚNS (COMUNICACIÓN ESCRITA) (5 PUNTOS)

TEXTO: **DISCURSO NOS PREMIOS XERAIS 2009, de Agustín Fernández Paz**

1. Ponlle un novo título ao artigo.
2. Elabora un breve resumo do texto.
3. Explica que quere dicir o autor cando afirma: *buscamos tamén esa periferia mundial que nos rodea* (líña 8).
4. Redacta un texto expoñendo de maneira argumentada o teu acordo ou desacordo coa idea que sostén Agustín Fernández Paz arredor da relación entre ter vontade de escritor universal e escribir nunha lingua minoritaria. (Extensión aprox. 200-250 palabras)

## BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA (2-3 PUNTOS)

1. Elabora unha definición adecuada dos seguintes termos relacionados cos tipos de textos: **editorial, conto, conferencia, reportaxe.**
2. Xustifica a que tipo de texto pertence o seguinte:

*A última tendencia no mundo da nova tecnoloxía (a tendencia que debes seguir se queres ser un moderno de verdade) é do máis retro. Os modernos que van á última ultimísima moda (eses que saben realmente o que se leva) están comezando a pasar dos seus smartphones para recuperar o teléfono móbil ladrillo de toda a vida.*

*Un pouco na liña dos namorados do pasado que fan quedadas para escribir a máquina, estes novos modernos pasan do iPhone 6, de Whatsapp, das apps que che axudan a facer o que sexa e pasan ata de Google Maps! Polo momento son moi poucos, pero xa teñen caras famosas entre os seus partidarios.*

*As razóns para este cambio son variadas. Falan dos prezos (quita a tarifa de datos e verás como baixa a factura), dos problemas que eliminan con baterías que non morren cada cinco minutos e de que en realidade só precisan de chamadas e SMS para xestionar as súas comunicacións diarias. Pero, por outra banda, os entrevistados acaban falando de liberdade. Como di unha destas modernas, está ben descubrir un restaurante por casualidade e non porque cho recomendaron en Yelp. Os móbiles intelixentes acabaron matando a pouca aventura que podíamos ter na vida cotiá.*

*Librarse do smartphone é tamén librarse do mail que chega en todo momento e permite gañar polo menos en tranquilidade. E a iso súmaselle ademais a preocupación pola privacidade. A medida que os consumidores están cada vez máis tempo online, os seus terminais saben máis de todos eles do que saben os seus pais. Cun terminal \_parvo\_ non é que quedes realmente á marxe de todo iso, pero polo menos teñen moito máis complicado usalo para venderche publicidade.*

*Polo de agora o movemento é pequeno, pero todos sabemos o que acaba acontecendo coas cousas así. Será a vida sen smartphone a nova moda slow do futuro inmediato?*

Raquel C. Pico, en *Disquecool* (06/10/2014)

3. Indica se as seguintes palabras do texto son morfoloxicamente simples, derivadas ou compostas. Xustifica a resposta, sinalando no seu caso a derivación ou composición que aprecies.

## BLOQUE 3. SOCIOLINGÜÍSTICA E HISTORIA DA LINGUA (2-3 PUNTOS)



1. Identifica e explica, definíndoo adecuadamente, o concepto de Sociolingüística que se agocha na seguinte viñeta de Xaquín Marín.
2. A través dos seguintes termos, explica a diferenza entre cultismos, semicultismos e palabras patrimoniais; indicando que teñen en común as linguas románicas.
3. Elabora un texto expositivo co seguinte título: *Do monolingüismo á substitución lingüística.*

## BLOQUE 5. LITERATURA (1-2 PUNTOS)

1. Elabora un comentario do seguinte texto. Debes centrarte na forma pero tamén no seu contido, para xustificar o seu xénero, así como no autor/a e na época á que pertence.

# LECTURAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- **Libro de Apoio: *Lingua Galega e Literatura Bacharelato 1*. Consorcio Editorial Galego**
- **Novas Tecnoloxías.** o alumnado de 1º Bacharelato deberá xestionar unha conta de correo electrónico, para poderen comunicarse a través da Aula Virtual ou do correo electrónico docente e alumno/a.
  - a. **Aula Virtual para 1º de Bacharelato**
  - b. Blogue monográfico sobre a Literatura Galega: **Literatura Galega**
  - c. Blogue para as producións do alumnado de 1º Bacharelato : **Lingua e Literatura I**
  - d. **Marlou (blogue)** e **Marlou (web)**

## LECTURAS OBRIGATORIAS PARA 1º BACHARELATO

1ª AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
<b><i>O ultimo día de Terranova</i></b> Manuel Rivas Ed. Xerais	<b><i>A fiesta valdeira</i></b> Rafael Dieste Ed. Do Castro	<b><i>Masculino singular</i></b> Carlos Negro Ed. Galaxia
<b>Selección de textos ensaísticos e xornalísticos</b> (Actualidade)	<b><i>Antoloxía poética</i></b> (Idade Medieval) Elaboración propia	<b><i>Antoloxía literaria</i></b> (Rexurdimento) Elaboración propia

## LECTURAS VOLUNTARIAS

➤ Tonas de laranxa	Manuel Lourenzo e María Lourenzo
➤ Ambulancia	Suso de Toro
➤ Land Rover	“
➤ Polaroid	“
➤ Calzados Lola	“
➤ Trece badaladas	“
➤ Crime en Compostela	Carlos Reigosa
➤ Ollos de auga	Domingo Villar
➤ A xeira das árbores	Teresa Moure
➤ As rulas de Bakunin.	Antón Riveiro Coelho
➤ En salvaxe compañía.	Manuel Rivas.
➤ Un millón de vacas.	“
➤ Que me queres, amor?	“
➤ Todo é silencio	“
➤ Ilustrísima.	Carlos Casares.
➤ Vento ferido.	“
➤ Arraianos	Xosé Luis Méndez Ferrín.
➤ Título a escoller da Xeración Nós	
➤ Título a escoller da narrativa de posguerra	
➤ Título a escoller da Literatura Universal (traducida ao galego)	